



Idioma:

detalle da nova

portada - **temático libre**

A UE destinará máis de 50.000 millóns de euros a incentivar a participación de Pemes en programas de investigación [5/9/2006 12:03]

-O 22 de setembro celebrárase en Galicia unha xornada de achegamento das empresas galegas ás vantaxes deste Programa Marco

A Unión Europea destinará un total de 50.521 millóns de euros para o VII Programa Marco para o período 2007-2013 que tratará de incentivar a participación das pequenas e medianas empresas (Pemes) nos programas de investigación europeos. Esta cantidade de diñeiro triplica os 16.000 millóns de euros cos que se dotou o Programa Marco vixente.

A Comisión Europea simplificará as normas de acceso a este programa de financiamento comunitario de investigación co fin de promover a participación deste tipo de empresas, que en Galicia constitúen o 99 por cento do tecido empresarial, con máis de 10.000 Pemes. Por este motivo, a Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia e a Rede Galega para a Transferencia do Coñecemento organizarán a 'Xornada de presentación en Galicia do VII Programa Marco'. Neste seminario, que será gratuito e que se celebrará o 22 de setembro, preténdese establecer unha estratexia efectiva de procedemento que incremente as posibilidades de éxito das empresas galegas neste novo Programa Marco.

Varios expertos na materia intervirán na Xornada para presentar as novidades do novo Programa Marco e expoñer as oportunidades de participación das Pemes galegas, para evitar que se repita a situación da convocatoria anterior.

No VI Programa Marco, España obtivo máis de 2.210 millóns de euros, dos que Galicia só conseguiu o 1,6 por cento, cifra que pon de manifesto o déficit da Comunidade na consecución de financiamento europeo. O VII Programa Marco aprobouse o pasado 24 de xullo polo Consello de Ministros europeo e agora deberá volver ao Parlamento Europeo e á Comisión para a súa posta en marcha o 1 de xaneiro do 2007.

bmtnull

SANTIAGO. BMTNULL/AGN

Copiar Texto



GMT: 12:11
Santiago: 14:11
Buenos Aires: 9:11

AGN PRODUCTOS

Rexístrate en AGN contratando algún dos nosos produtos, disporá de toda a información do día que precise.

Consulte as nosas ofertas para face-la súa elección.

A maior oferta en servizos de información de Galicia.

Faga **click** nos nosos produtos e siga as instrucións para rexistrarse.

Contacte con nós



2006 © Axencia Galega de Noticias. Está expresamente prohibida a redistribución e a redifusión de todo ou parte dos servizos da Axencia Galega de Noticias sen o seu previo e expreso consentimento.

[privacidade de datos](#), [termos legais](#)